



IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRA

MODELO 100

A PRESENTE AUTOLIQUIDACIÓN TEN O CARÁCTER DE PROVISIONAL A RESULTAS DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA QUE, NO SEU CASO, PRACTICARASE POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

ESTA AUTOLIQUIDACIÓN E O XUSTIFICANTE DO INGRESO, DEBERASE PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA.

DATOS IDENTIFICATIVOS DO SUXEITO PASIVO	
N.I.F./C.I.F.	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL:

ENDEREZO FISC AL							
Nome da vía pública:	Núm.	Km.	Esc.	Piso	Pta.	Teléfono	
C. Postal	Concello		Provincia				

Datos do representante (se procede, en cuxo caso se achegará o correspondente documento de outorgamento do poder de representación)	
N.I.F./C.I.F.	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL:

ENDEREZO FISC AL							
Nome da vía pública:	Núm.	Km.	Esc.	Piso	Pta.	Teléfono	
C. Postal	Concello		Provincia				

DATOS IDENTIFICATIVOS DA CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN OU OBRA		
Referencia expediente:	Orzamento execución material (€):	Tipo de obra:

DATOS DO INMOBLE NO QUE SE REALIZAN AS CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS OU OBRAS						
Nome da vía pública:	Núm.	Km.	Esc.	Piso	Pta.	

AUTOLIQUIDACIÓN

A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN
INGRESO NA TESOURARIA MUNICIPAL
(Selo/Sinatura)
Cortegada, a _____

Base imponible
Orzamento de execución material: €

Cota tributaria ICIO: **A** €

Tipo de gravame **2%**

DÉBEDA TRIBUTARIA: €

A CUBRIR POLA ENTIDADE BANCARIA
INGRESO EN ENTIDADE BANCARIA
(Selo/Sinatura)

_____, a _____ de _____ de _____
(Sinatura do titular ou representante)

IMPRESIÓN DE 3 EXEMPLARES DA LIQUIDACIÓN: Interesado, Concello e Entidade Bancaria.

A ALCALDÍA DO CONCELLO DE CORTEGADA

Consonte co disposto na Lei orgánica do 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os contidos tratados de xeito confidencial, Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Cortegada relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con estasolicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no rexistro xeral do Concello.

INSTRUCCIÓN PARA A CUMPRIMENTACIÓN DO MODELO

INSTRUCCIÓN XERAIS

Cubrir o impreso con letras maiúsculas.
Todos os importes monetarios indicaranse en euros con dous díxitos para a parte decimal.

DATOS IDENTIFICATIVOS DA CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN OU OBRA

Agás a casa correspondente á *Referencia do expediente*, deberanse cumprimentar todos os campos que permitan a correcta identificación da construción, instalación ou obra.

FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtéñanse ou non a dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

As construcións, instalacións ou obras as que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- As obras de construción de edificación e instalacións de todas as clases de nova planta.
- As obras de ampliación ou reforma de edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- As de modificación ou reforma que afecten a estrutura dos edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- As modificacións do aspecto exterior dos edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios, calquera que sexa o seu uso.
- As obras que teñan que realizarse con carácter provisional no caso no que estean xustificadas, que deberán derrubarse cando o acorde o Concello, sen dereito a indemnización, consonte có establecido na regulación urbanística.
- As obras de instalación de servizos públicos.
- Os movementos de terra, tales como desmonte, aplanamento, escavación e achanzamento, salvo que tales actos estean detallados e programados como obras a efectuar nun proxecto de urbanización ou de edificación aprobado e autorizado.
- O derrubamento das construcións, salvo nos casos declarados de ruína inminente.
- As instalacións soterradas dedicadas a aparcamentos, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- A colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública.

En xeral, calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística segundo o previsto na lexislación vixente, plans, normas ou ordenanzas.

SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Os efectos previstos no parágrafo anterior terán a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

A base imponible deste imposto constitúese polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal o custe de execución material da mesma.

O tipo de gravame será o **2 por cento**.

O imposto devéngase no momento de solicitar a licenza urbanística para a construción, instalación ou obra, ou no seu caso, no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

XESTIÓN

Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación polo imposto, determinándose a base imponible en función ó presuposto declarado polo interesado, e a ingresala, en calquera entidade colaboradora autorizada, ó solicitar a licenza preceptiva, sen que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ó acto declarativo de dereito a favor daqueles.

O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, no seu caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.

Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra, e incrementárase o seu orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o declarado.

Unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria do tributo no caso de que o custo real e efectivo da obra sexa superior ó declarado. A autoliquidación presentarase e ingresarse xunto coa solicitude da licenza de primeira utilización ou ocupación.

Á vista da documentación aportada, ou de calquera outra relativa ás construcións, instalacións ou obras, e das efectivamente realizadas, así como do seu custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo ó suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a contía que resulte.

Cando os suxeitos pasivos non tiveran abonado a correspondente autoliquidación polo imposto en prazo, ou se tivera presentado e abonado aquela por cantidade inferior á cota que resulte do orzamento aportado, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda e incoará o correspondente procedemento sancionador.

No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule renuncia expresa á licenza ou exista declaración de caducidade.

O ingreso deberá reallizarse nalgunha das seguintes entidades bancarias:

BANCO POPULAR:	ES97 0238 8258 4306 6000 0772
BANCO SANTANDER:	ES38 0030 6073 2308 7000 0271
BBVA:	ES34 0182 6221 6902 0032 0231
//ABANCA	ES86 2080 5294 7331 1000 5079

MÁIS INFORMACIÓN:

Na web do Concello de Cortegada: www.cortegada.es

Ordenanza fiscal do ICIO publicada no *BOP nº 134 do 13/06/2014* <https://bop.depourense.es/portal/descargarPdf.do?numBoletin=134&fecha=20140613>

AVISO LEGAL:

Os datos persoais contidos na presente instancia son recollidos baixo o consentimento do interesado e serán obxecto de tratamento automatizado e incorporados aos ficheiros de información do Concello de Cortegada que se encontran inscritos no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos. O seu uso restrinxirase exclusivamente á xestión municipal, podendo cederse ou comunicarse a outras administracións públicas ou terceiros nos supostos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os interesados poderán exercer ante a unidade municipal de Réxime Interior, os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, nos termos establecidos pola lei indicada, acreditando a súa identidade no Concello de Cortegada, rúa Otero Novas s/n. 32200 Cortegada (Ourense).